

E unha vez cometera un erro que daba para anécdota feliz.

A tía Cipriana comprara dous cochos para engordar que, nun descoido do agachado, fuxiron. Seica o Cercado deixara sen pechar a porta do cortello na inspección nocturna con que xustificaba a súa saída do encerro e eles, fozando, levantaran as raíces do mirto da horta.

Cando o Luís os sentiu gruñir ao outro lado do mirto, era mañá alta e a señora ía na feira de Neda. Entón apoderouse del o medo de que algún veciño honrado se acercase a petar e preguntar, ou que mesmo se metese polo arredor da casa e chegase a ver prendas masculinas tendidas baixo a parra.

Discorreu rapidamente. Vestiu roupa da tía, cubrindo ben a cabeza cun pano; saiu cando non viu ninguén próximo e quixo arrear os ranchos para dentro da horta polo burato que fixeran. Pero non pasaban, e fuxían por un herbal.

Iso motivou que os cazase; que os metese para dentro a rastras e con escándalo.

Cando a señora volveu, contoulle o acontecido. E houbo sorte, porque tan só unha veciña chegaría a loar as forzas da Cipriana para arrastrar porcos agarrados polas patas.